

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE XULLO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en segunda convocatoria, o día dezoito de xullo deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa en funcións, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, e coa asistencia da Ilma. Sra. DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e do Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona Paz Abreira Sobrado, e asisten á sesión a Letrada Asesora, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e o Interventor Xeral Municipal en funcións, don Xosé Manuel Cao Rei, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 11 de xullo de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase denegar as licenzas municipais de instalación e de obras para estacións base de telefonía móbil na rúa do Pomar, número 3; na estrada de Santiago, Km 3,2; na avda. dos Deportes, s/n; na estrada da Coruña, número 134; e na avda. da Coruña, números 36-38.

Así mesmo, acórdase denegar a licenza municipal de instalación e licenza de obras para reformas na industria situada na rúa da Agricultura, s/n, polígono 63, parcela 321, para a súa adaptación á normativa de incendios.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder a licenza para modificación da licenza número 379/03 de parcelamento da parcela número 35 do polígono do Ceao con fronte á rúa da Industria, rúa da Inspección, rúa da Agricultura e rúa dos Ferreiros.

Acórdase a excepcionalidade do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa Cedrón del Valle, números 3 e 5.

Tamén se acorda a rectificación de erro no acordo número 2/217, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do día 11 de abril de 2012, polo que se concedía licenza municipal de instalación, apertura e funcionamento e a licenza de

ACTAS E GOBERNO

ASM/mbfc

Refª: 12extractoxg29.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-7-2012

obras para aula de produtos lácteos na rúa das Artes, esquina rúa Montirón, sector Sur-K, parcela 10-T.

Así mesmo, acórdase conceder as seguintes licenzas: para modificación de edificación composta de seis naves sen uso definido con licenza 649/07, en parcela con licenza de parcelamento número 379/03, para construción de tres naves sen uso definido en solo urbano na rúa da Industria-rúa da Inspección, parcela 35; para legalización de reforma de edificio con licenza 1274/06, consistentes en cambio de uso de local de planta primeira a uso de vivenda, cambios na distribución e número de vivendas da planta 6ª e aproveitamento baixo cuberta, pasando de tres vivendas en dúplex e rochos a dúas vivendas en dúplex, sen modificación do número total de vivendas do edificio (14 vivendas), sito en solo urbano na rúa Poeta Lorenzo Varela, número 2; para cambio de uso de planta baixa de comercial a garaxe en grao primeiro no edificio con licenza número 67/81, na rúa Monte Pico Sacro, número 10; e para modificación de soto no edificio con licenza número 480/92 por reaxuste do soar ás aliñacións, sito en solo urbano na rúa río Mandeo, números 36-38, e rúa Pousadela, números 30-32.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a prórroga do contrato suscrito coa empresa adxudicataria da execución das actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias nas escolas deportivas municipais polo prazo dun ano, contado a partir do 10 de xullo de 2012.

Resólvese o recurso de reposición interposto contra o acordo número 29/103 da Xunta de Goberno Local do concello e acórdase a cesión do contrato para a execución das obras de construción dun edificio destinado a biblioteca municipal no barrio da Piringalla.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto, a adxudicación por procedemento negociado e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación da adquisición dun módulo de software para a xestión da carpeta de xestorías.

Igualmente, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, do gasto, a adxudicación por procedemento aberto e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación de servizos destinados á realización das verificacións previstas no artigo 13 do regulamento (CE) 1828/2006 ás operacións encadradas no programa de iniciativa urbana (Proxecto URBAN) cofinanciadas nun 80% por fondo europeo de

desenvolvemento rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 09UR9201 Urban seguimento, avaliación e control, período 2012-2013

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como a adxudicación por procedemento aberto e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación da explotación da cafetería do Centro Municipal de Convivencia de Fingoi.

Lugo, 18 de xullo de 2012
A CONCELLEIRA-SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: Paz Abraira Sobrado